DEPUTACIÓN OURENSE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2026

Ás 10.02 horas do día 25 de setembro de 2026, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Eva María Pérez Gamote

Dona Sherezade Núñez Rodríguez

Dona Susana Rodríguez Rodríguez

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Don Antonio Fernández Martín

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Don Francisco Lorenzo López

Deputados Non Adscritos

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de Democracia Ourensana, don Francisco Lorenzo López, abandona a sesión no punto 10 da orde do día.

A deputada do Grupo Popular, dona María Teresa Barge Bello, abandona a sesión no punto 11 da orde do día.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: ver vídeo acta

I. PARTE RESOLUTIVA (artigo 4 a) do Regulamento orgánico provincial)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE XULLO DE 2026 (EXP. Nº 2026/8M/PLENO).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de xullo de 2026.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 23 de xullo de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DE TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DA RÚA (EXP. Nº 2026/12034C).-

A Presidencia sinala que, por acordo dos grupos, se realizará debate conxunto dos puntos 2º e 3º da orde do día desta sesión.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello da Rúa a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 3 de novembro de 2025, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (IBI).
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).
- Imposto sobre actividades económicas (II.AA.EE)
- Taxa polo subministro de auga e sumidoiros
- Canon da auga (salvo as facultades de recadación executiva e revisión dos actos ditados nesa vía).
- Taxa ocupación dominio público con terrazas, veladores e elementos análogos.
- Taxa vaos permanentes,

nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello de A Rúa, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
b) Para o exercicio da competencia delegada o concello deberá remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso, conforme co

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación entrará en vigor, unha vez aceptada pola Deputación Provincial, o 1 de xaneiro de 2027, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DE TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE PETÍN (EXP. Nº 2026/12035K).-

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 2º da orde do día cuxas intervencións se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Petín a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 11 de decembro de 2025, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (IBI).
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).
- Imposto sobre actividades económicas (II.AA.EE)
- Taxa pola subministración de auga e sumidoiros
- Canon da auga (salvo as facultades de recadación executiva e revisión dos actos ditados nesa vía).

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Petín, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
b) Para o exercicio da competencia delegada o Concello deberá remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
d) A presente delegación entrará en vigor, unha vez aceptada pola Deputación Provincial, o 1 de xaneiro de 2027, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

EXECUTIVA E REVISIÓN DOS ACTOS DITADOS DA TAXA POLO ABASTECEMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE SARREAUS (EXP. Nº 2026/14448L).-

Previamente corresponde a ratificación da inclusión na orde do día deste punto, xa que non foi ditaminado en comisión informativa, e que é aprobada por unanimidade.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón a proposta da Presidencia sobre este asunto.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 4

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo concello de Sarreaus a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 28 de agosto de 2026, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Taxa polo abastecemento de auga domiciliaria (e demais conceptos incluidos no ciclo da auga).
- Canon da auga (salvo as facultades de recadación executiva e revisión dos actos ditados nesa vía),

nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello de Sarreaus, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación entrará en vigor, unha vez aceptada pola Deputación Provincial, o 1 de outubro de 2026, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 8/2026 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2026/13657X)

Neste asunto presentouse unha emenda ao ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos de aprobación do dito expediente.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 5

Non se producen máis intervencións e, en primeiro lugar, ten lugar a votación á emenda ao ditame de aprobación do dito expediente que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención de Democracia Ourensana (3).

A continuación realízase a votación deste asunto coa emenda ao ditame que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3), polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 8/2026 de modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, do seguinte xeito:

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Atendendo ás solicitudes formuladas polos distintos alcaldes da provincia e os representantes de asociacións e clubes, proponse a modificación das finalidades das axudas inicialmente previstas.

As devanditas modificacións non teñen incidencia cuantitativa sobre o orzamento xeral do exercicio 2026 e tramítanse de conformidade co disposto nas bases de execución do citado orzamento.

a) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos. Cooperación provincial "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Concello de Celanova** para **" 2ª fase de climatización auditorio municipal Ilduara "** pola cantidade de **75.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo alcalde do Concello de Celanova con data do 26 de agosto de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida, considerando que a maquinaria instalada na primeira fase podía ser suficiente para dar satisfacción a esa necesidade, **proponse o cambio de finalidade** da subvención quedando do seguinte xeito:

CONCELLO DE CELANOVA

FINALIDADE	*IMPORTE*
Reasfaltado e bacheado en vías rurais municipais.	*75.000,00 €*

b) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos. Cooperación provincial "** no **expediente de modificación número 4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Concello de Pontedeva** para **" Cofinanciamento Plan Hurbe "** pola cantidade de 70.000,00 **euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo alcalde do Concello de Pontedeva con data do 10 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se indica que houbo un erro na denominación do proxecto de obras aprobado por resolución de Alcaldía con data 14 de xullo de 2026, **proponse o cambio de finalidade** da subvención, que queda da seguinte maneira:

CONCELLO DE PONTEDEVA

FINALIDADE	*IMPORTE*
Humanización na aldea de Deva, Pontedeva	*70.000,00 €*

c) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.**99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos. Cooperación provincial " no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Concello de Baltar** para **" Construción de residencia da 3ª idade. Anualidade 2026 "** pola cantidade de **150.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo alcalde do Concello de Baltar con data do 22 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **proponse o cambio de finalidade** da subvención quedando do seguinte xeito:

CONCELLO DE BALTAR

FINALIDADE	***IMPORTE***
Construción de residencia. Fase I	*150.000,00 €*

d) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99** "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos. Cooperación provincial " no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Concello de Baños de Molgas** para **" Mellora de servizos e humanización da rúa Manuel Santamarina "** pola cantidade de **100.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo alcalde do Concello de Baños de Molgas con data do 15 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **proponse o cambio de finalidade** da subvención quedando do seguinte xeito:

CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS

FINALIDADE	***IMPORTE***
Reforma e mellora da accesibilidade da casa do concello de Baños de Molgas	*100.000,00 €*

e) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99** "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos. Cooperación provincial **"** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Concello de Sandiás** para **" Aumentos de obra pavillón polideportivo de Sandiás "** pola cantidade de **62.893,38 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo alcalde do Concello de Baltar con data do 10 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **proponse o cambio de finalidade** da subvención quedando do seguinte xeito:

CONCELLO DE SANDIÁS

FINALIDADE	***IMPORTE***

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

Arranxo de firme en rúa dos caños e rúa do Souto en Sandías	*62.893,38 €*

O crédito orzamentario remata o 31.12.2026, sen posibilidade de incorporalo ao exercicio 2027.

f) Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/480.99 " Subvencións nominativas correntes a familias e inst . sen fins de lucro. Actividades culturais"** no **expediente de modificación número 3/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa á **Asociación cultural Agromadas** para **" Gastos de funcionamento "** pola cantidade de **2.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo presidente da asociación cultural con data do 22 de xullo de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se solicita a ampliación da finalidade da subvención concedida, debido ás limitacións para xustificala correctamente, **proponse a ampliación da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

ASOCIACIÓN CULTURAL AGROMADAS

FINALIDADE	*IMPORTE*
Gastos de funcionamento e actividades	*2.000,00 €*

g) Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/780.99** " Subvencións nominativas de capital a familias e inst . sen fins de lucro. Actividades culturais" no **expediente de modificación número 3/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa á **Padres Mercedarios de Verín** para **" Melloras na Igrexa da Merced de Verín "** pola cantidade de **6.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo representante da institucións con data do 21 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se solicita o cambio da finalidade da subvención concedida, quedando da seguinte maneira,

PADRES MERCEDARIOS DE VERÍN

FINALIDADE	*IMPORTE*
Melloras nos aledaños da Igrexa da Merced, incluíndo o CPR Mercedario de Verín	*6.000,00 €*

h) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Subvencións nominativas de capital a concellos. Cooperación provincial "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Concello da Peroxa** para **" Compra e reparación de vivendas"** pola cantidade de **52.000,00 euros.**

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Tendo en conta a solicitude asinada polo alcalde do Concello da Peroxa con data do 02 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida, **proponse o cambio de finalidade** de dita subvención, quedando da seguinte maneira:

CONCELLO DE A PEROXA

FINALIDADE	*IMPORTE*
Adquisición de vivendas	*52.000,00 €*

i) Con cargo á aplicación orzamentaria **34111/480.99 " Subvencións nominativas correntes a familias e inst . sen fins de lucro. Fomento do deporte"** no **expediente de modificación número 3/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Club Carballiño Fútbol sala** para **" Seleccións comarcais "** pola cantidade de **4.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo presidente do Club con data do 10 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se solicita o modificación da finalidade da subvención concedida engadindo o exercicio 2025, **proponse o cambio de finalidade** quedando da seguinte maneira:

CLUB CARBALLIÑO FÚTBOL SALA

FINALIDADE	*IMPORTE*
Seleccións comarcais 2025-2026	*4.000,00 €*

j) Con cargo á aplicación orzamentaria **23111/780.99** " Subvencións nominativas de capital a familias e inst . sen fins de lucro. Acción social" no **expediente de modificación número 3/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa á **ASOCIACIÓN POR ELES TEA** para **" Compras local da asociación "** pola cantidade de **50.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo representante da institucións con data do 15 de setembro de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se solicita o cambio da finalidade da subvención concedida, quedando da seguinte maneira,

ASOCIACIÓN POR ELES TEA

FINALIDADE	*IMPORTE*
Financiamento da amortización do préstamo e gastos derivados da adquisición do local.	*50.000,00 €*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

II. PARTE DE CONTROL (artigo 4 a) do Regulamento orgánico provincial)

7º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG DEMANDANDO SOLUCIÓN Á DEMANDA DE ABASTECEMENTO DE AUGA NOS NÚCLEOS DE CIRÓS E MOREIRIÑA (A BOLA) E OUTRAS MEDIDAS QUE MELLOREN A XESTIÓN DA AUGA NOS NÚCLEOS RURAIS (EXP. Nº 2026/13849H).-

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

"Os servizos básicos mínimos son aqueles servizos esenciais que deben garantirse para unha vida digna e en moitos casos deben ser prestados polas entidades locais. O acceso á auga potable e a un sistema adecuado de evacuación e tratamento das augas residuais constitúe unha condición básica para garantir unhas condicións de vida dignas e para fixar poboación no medio rural. Porén, a realidade de numerosos pequenos núcleos da provincia de Ourense evidencia que a dispersión territorial e a reducida dimensión dos asentamentos continúan a ser empregadas como argumento para demorar actuacións que deberían constituír unha prioridade das administracións públicas.

Sendo as entidades locais as que teñen atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 11 a e 85,2 configura o ***saneamento*** *e* ***depuración de augas residuais como servizo de competencia local.*** *Pero ese mesma normativa no artigo 36, punto 2.b) establece como competencia das Deputacións Provinciais: "Asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, as Deputacións ou entidades equivalentes poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus propios recursos para a realización e o mantemento de obras e servizos*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

municipais, que se levarán a cabo a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos."

En moitos lugares e núcleos de concellos das comarcas ourensás conviven aínda en pleno 2026 o abastecemento de auga da traída municipal coa auga da traída veciñal, un feito que evidencia que non existe aínda unha garantía homoxénea deste servizo básico no conxunto do territorio, e que a dispersión poboacional e o carácter rural de moitos núcleos continúan a marcar importantes diferenzas no acceso aos servizos públicos esenciais. Aínda sabendo que en moitos casos é a propia veciñanza a que prefire manter o servizo da traída veciñal fronte a un sistema municipalizado.

A esta realidade engádese outro problema estreitamente relacionado coa garantía do abastecemento: o estado das propias redes. As fugas na redes de abastecemento supoñen un despilfarro dun recurso público cada vez máis limitado, e evidencian a necesidade de priorizar o correcto mantemento das infraestruturas. Xa neste sentido se ten manifestado recentemente por parte de Augas de Galiza que ven recordando a competencia municipal sobre este asunto e reclamando unha maior implicación das administracións locais para reducir as perdas e melloras nas redes de abastecemento.

A diverxencia territorial agrávase alí onde non existe ***nin un sistema de subministro*** *nin outro, a pesar de existir unha demanda veciñal de longa duración, e que segue sen ser resolto logo de décadas como o caso singular de Cirós e Moreiriñas no concello da Bola, cuxa veciñanza (a través súa Asociación de Veciños) se dirixiu a este grupo ante a falta de resposta ás súas solicitudes.*

Neste caso a veciñanza non ve atendida pola administración local a súa demanda da extensión dos servizos municipais de abastecemento de auga potable, demandas que se realizaron mediante recollidas de sinaturas dos residentes, xa fai cinco anos e repetidas outra vez o ano pasado, así como a través de xuntanzas coa rexedora municipal para o traslado dunha petición de primeira necesidade, que a día de hoxe segue desatendida, a pesares de recoñecer o propio concello esta problemática, que se ve agravada en períodos de estiaxe, cando os recursos hídricos de pozos e fontes escasean.

As dificultades técnicas ou económicas tampouco poden ser razón para alongar indefinidamente a ausencia de servizos básicos que deberan estar garantidos polas administracións.

Así e todo, a pesar da atribución de competencias aos concellos non significa que a Xunta de Galiza careza de competencias ou capacidade de actuación neste ámbito. Augas de Galicia exerce competencias en materia de abastecemento e saneamento en todo o

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

territorio galego, con independencia da demarcación hidrográfica á que pertenza cada concello e, polo tanto, con independencia de que as competencias sobre o dominio público hidráulico correspondan a Augas de Galicia ou a unha confederación hidrográfica estatal. Así, Augas de Galicia cobra (ou debería facelo) o canon de saneamento en todos os concellos galegos.

Sirva como exemplo que nestes momentos Augas de Galicia ten en execución máis de 20 millóns de euros en obras de abastecemento en concellos de toda Galiza (en Ourense escasamente o 10%).

Polo que é preciso recuperar unha política de abastecemento baseada na cooperación entre entidades locais e garantir unha cooperación eficaz coas outras administracións. Cooperación e planificación que se ve limitada pola falta de transparencia da Xunta de Galiza ante a falta de avaliación do Plan de Abastecemento de Galiza 2010-2025 que impide coñecer que obxectivos foron cumpridos e que investimentos executados ou a falta de peche efectivo do pacto local da auga de 2013 entre a Xunta e a FEGAMP e que impide un progreso neste eido.

Esta ausencia de planificación e cooperación estable cobra especial incidencia nos concellos pequenos e no medio rural, onde a limitada capacidade técnica e económica dos municipios dificultan a execución e o mantemento das infraestruturas necesarias. Por iso as Deputacións deben asumir un papel proactivo na asistencia e intermediación entre os concellos e a Xunta de Galiza para evitar que núcleos rurais que carecen de abastecemento fiquen desatendidos por falta dunha planificación da auga, malamente suplida desde a Xunta de Galiza por convocatorias de axudas puntuais. E que fai máis precisa unha alianza estable da Xunta co municipalismo galego baseada na planificación plurianual, a asistencia técnica e regras transparentes de investimento, en lugar de deixar aos concellos correr detrás das liñas de axudas, o que só acaba prexudicando á veciñanza.

Tal e como indicamos con anterioridade, coexisten varias realidades en moitos concellos galegos (abastecementos municipais e abastecementos veciñais), e desde o BNG somos conscientes da complexidade de dar un axeitado servizo a todo o noso territorio no que existe unha grande dispersión e realidades moi diferenciadas.

Mais precisamente por iso, si queremos "revitalizar" os nosos núcleos rurais, é imprescindible dotalos dos mesmos servizos (especialmente os básicos) que os núcleos urbanos.

É neste marco no que debemos situar aos pobos de Cirós e Moreiriñas (contan cun total de 21 vivendas e 53 veciños e veciñas) como exemplo dunha realidade máis ampla que non

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

pode seguir sendo abordada mediante prórrogas ou solucións provisionais, senón que require compromisos orzamentarios e técnicos concretos, prazos definidos e a implicación das diferentes administracións para obter resultados efectivos.

ACORDOS

1. *Instar á Deputación de Ourense a procurar, en colaboración coa Xunta de Galiza e a través de Augas de Galicia, unha fórmula de financiamento e cooperación técnica que permita dar solución aos núcleos de Cirós e Moreiriñas, no concello da Bola, afectados por unha longa e inxustificable ausencia de subministración de auga potable nas súas vivendas, tendo en conta que as competencias de Augas de Galicia en materia de abastecemento e saneamento se estenden ao conxunto do territorio galego, con independencia da demarcación hidrográfica correspondente.*
2. *Instar á Xunta de Galiza a facer unha avaliación integral e pública do Plan de Abastecemento de Galiza do 2010-2025, concello por concello e sistema por sistema.*
3. *Instar á Xunta de Galiza a aprobación urxente dun novo Plan de Abastecemento, con horizonte plurianual, financiamento comprometido e indicadores verificables, que incorpore a adaptación á seca e a atención específica ao rural.*
4. *Instar á Xunta de Galiza a reclamar o peche efectivo do Pacto Local da Auga, con criterios xustos de tarifas, accesibilidade social e prioridades transparentes de investimento.*
5. *Instar á Xunta de Galiza a crear un programa estable de apoio técnico e financeiro aos Concellos pequenos e medianos, que supere os marcos das subvencións e os convenios opacos.*
6. *Instar á Xunta de Galiza á aprobación urxente dun Plan de Abastecemento para a provincia de Ourense, con horizonte plurianual, financiamento comprometido e indicadores verificables, que incorpore a adaptación á seca e a atención específica ao rural cun programa estable de apoio técnico e financeiro aos concellos pequenos e medianos, máis alá do reparto de fondos".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 7

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción que é aprobada co voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourensana (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (12), polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

1. Instar á Deputación de Ourense a procurar, en colaboración coa Xunta de Galiza e a través de Augas de Galicia, unha fórmula de financiamento e cooperación técnica que permita dar solución aos núcleos de Cirós e Moreiriñas, no concello da Bola, afectados por unha longa e inxustificable ausencia de subministración de auga potable nas súas vivendas, tendo en conta que as competencias de Augas de Galicia en materia de abastecemento e saneamento se estenden ao conxunto do territorio galego, con independencia da demarcación hidrográfica correspondente.
2. Instar á Xunta de Galiza a facer unha avaliación integral e pública do Plan de Abastecemento de Galiza do 2010-2025, concello por concello e sistema por sistema.
3. Instar á Xunta de Galiza a aprobación urxente dun novo Plan de Abastecemento, con horizonte plurianual, financiamento comprometido e indicadores verificables, que incorpore a adaptación á seca e a atención específica ao rural.
4. Instar á Xunta de Galiza a reclamar o peche efectivo do Pacto Local da Auga, con criterios xustos de tarifas, accesibilidade social e prioridades transparentes de investimento.
5. Instar á Xunta de Galiza a crear un programa estable de apoio técnico e financeiro aos Concellos pequenos e medianos, que supere os marcos das subvencións e os convenios opacos.
6. Instar á Xunta de Galiza á aprobación urxente dun Plan de Abastecemento para a provincia de Ourense, con horizonte plurianual, financiamento comprometido e indicadores verificables, que incorpore a adaptación á seca e a atención específica ao rural cun programa estable de apoio técnico e financeiro aos concellos pequenos e medianos, máis alá do reparto de fondos.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A IMPLANTACIÓN DO TRANSPORTE METROPOLITANO NA COMARCA DE OURENSE (EXP. Nº 2026/13867J).-

A esta moción presentou unha emenda de modificación o Grupo Socialista que é rexeitada polo grupo propoñente da moción.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

"A mellora da mobilidade entre Ourense e os concellos da súa contorna debe facilitar o acceso da veciñanza aos servizos sanitarios e educativos, ao emprego e ás demais actividades cotiás. Unha rede coordinada, accesible e con tarifas integradas debe responder ás necesidades que identifiquen os concellos e ofrecer conexións útiles entre os servizos urbanos e interurbanos.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Por acordo plenario do 22 de marzo de 2024, a Deputación de Ourense constituíu o Comité técnico-político para a implantación do transporte metropolitano, como órgano de traballo conxunto entre a institución provincial, os grupos provinciais, a Xunta de Galicia e os concellos participantes.

Na reunión do 15 de xullo de 2026, recollida na Acta núm. 2/2026, participaron representantes da Deputación, dos grupos provinciais presentes, da Xunta de Galicia e dos concellos representados na sesión. A Presidencia lembrou os acordos anteriores, en particular a revisión do estudo económico da extensión de oito liñas, coa corrección dos erros aritméticos e das variables detectadas.

No debate expuxéronse estimacións provisionais de 2,5 millóns de euros para a extensión e dunha cantidade adicional para eventuais indemnizacións ás concesionarias autonómicas afectadas, así como unha previsión de entre 100.000 e 300.000 usuarios ao ano. Estes datos requiren revisión e homoxeneización: cómpre diferenciar custos recorrentes e extraordinarios, precisar o período das estimacións e determinar se a demanda se expresa en persoas usuarias, viaxes ou validacións. Sen esa análise non procede establecer un custo definitivo por viaxe nin confundilo coa tarifa ou coa achega pública necesaria.

A representación do Concello de Ourense manifestou que non debía financiar a extensión con cargo ao seu orzamento por considerar que excedía as súas competencias de transporte urbano. Esta posición debe distinguirse da determinación xurídica das responsabilidades e das fórmulas de cooperación entre administracións, que require os informes correspondentes. A participación provincial desenvolverase no marco das súas funcións de cooperación e dos servizos supramunicipais, respectando as competencias das demais administracións.

O Comité adoptou por acordo maioritario tres liñas de actuación: elaborar un estudo económico actualizado da extensión cando a situación contractual o permitise, continuar avanzando nun proxecto piloto economicamente asumible e iniciar os traballos para unha Área de Transporte Metropolitano conectada co transporte urbano. Estes acordos expresan unha orientación compartida de traballo, sen que supoñan por si mesmos a aprobación dun reparto financeiro.

Segundo a nota do Concello de Ourense do 8 de setembro de 2026, a Xunta de Goberno Local acordou, nunha sesión extraordinaria e urxente, darse por informada da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) que, estimando parcialmente os recursos presentados, anula o acordo de adxudicación do servizo de transporte público colectivo urbano para as anualidades 2026 a

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

2031.

A Xunta de Goberno ordenou executar a resolución, retrotraer o procedemento e trasladar o acordo á mesa de contratación para que realice as actuacións necesarias e resolva as cuestións suscitadas polo Tribunal. Cómpre, por tanto, adaptar o calendario de traballo á execución desta resolución e ás actuacións da mesa, sen presupoñer unha nova adxudicación nin a dispoñibilidade inmediata dunha nova contratista.

A Deputación debe continuar exercendo o seu papel de coordinación institucional, promovendo a colaboración entre os participantes. Como concreción do piloto que se propón nesta moción, priorizaranse as conexións cos polígonos industriais da contorna de Ourense, coa finalidade de facilitar o acceso aos centros de traballo.

O seu ámbito, percorridos e horarios deberán definirse tecnicamente coas administracións implicadas, tendo en conta as necesidades das persoas traballadoras e as quendas laborais. A preparación deste piloto, o estudo xeral da extensión de liñas e os traballos da Área de Transporte Metropolitano avanzarán en paralelo nas actuacións que sexan viables.

Para transformar os acordos do Comité en avances comprobables, cómpre concretar o contido dos estudos, as responsabilidades, o financiamento, a duración e avaliación do piloto, as necesidades tecnolóxicas e un calendario de seguimento. A compatibilidade tecnolóxica indicada na acta debe completarse coa comprobación dos equipamentos e sistemas efectivamente dispoñibles para a integración tarifaria.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Dar continuidade aos acordos do Comité.

Reafirmar o apoio da Deputación ás liñas de actuación acordadas polo Comité o 15 de xullo de 2026: estudo da extensión de oito liñas, avance nun proxecto piloto viable e preparación dunha Área de Transporte Metropolitano interconectada co transporte urbano de Ourense. Para concretar o piloto nesta moción, propoñer que se centre nas conexións cos polígonos industriais da contorna, mantendo o estudo xeral das oito liñas como marco de planificación. Estas actuacións desenvolveranse de maneira coordinada e, cando sexa viable, en paralelo.

2. Adaptar a planificación á execución da resolución do TACGal.

Solicitar ao Concello de Ourense que remita ao Comité, no prazo de trinta días naturais desde a recepción deste acordo, a resolución do TACGal, o acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de setembro de 2026 e un informe sobre a súa execución, as actuacións da

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

mesa de contratación tras a retroacción do procedemento e o calendario previsto.

O informe identificará os efectos sobre a planificación do transporte metropolitano, os traballos preparatorios da extensión de liñas e do piloto dos polígonos que poidan realizarse de inmediato e os que dependan da situación contractual, solicitando aos servizos municipais que adianten a recompilación e revisión da información dispoñible e comuniquen ao Comité calquera incidencia contractual que modifique substancialmente o calendario.

3. Completar e validar o estudo económico.

Instar ao Concello de Ourense a elaborar, coa colaboración da empresa contratista cando proceda, un estudo económico actualizado da extensión das oito liñas e sometelo á revisión dos servizos técnicos públicos competentes, coa cooperación técnica da Deputación. O estudo incorporará unha memoria específica e diferenciada do proxecto piloto de conexión cos polígonos industriais, con delimitación do seu ámbito, custos, demanda e financiamento. As estimacións xerais da extensión non se atribuirán automaticamente a este piloto.

O estudo identificará os concellos, os percorridos, as paradas, as frecuencias, os horarios, os quilómetros e as conexións propostas. Incluirá escenarios de demanda, a unidade de medida empregada e a súa metodoloxía; custos de explotación; investimentos e adaptacións; ingresos tarifarios; e achegas públicas necesarias.

Diferenciaranse o custo medio por viaxe, a tarifa e a achega pública por viaxe, e analizaranse as afeccións ás concesións existentes e a utilidade social e territorial da proposta. A memoria do piloto identificará os polígonos atendidos, os puntos de orixe e intercambio, as necesidades de acceso aos centros de traballo e a adecuación de horarios e frecuencias ás quendas laborais, contrastándoas cos concellos, coas persoas traballadoras e coas entidades representativas dos polígonos.

Solicitar a presentación do estudo no prazo de sesenta días naturais desde a comunicación ao Comité dun informe municipal que acredite a dispoñibilidade xurídica e contractual necesaria para completalo. Se esa dispoñibilidade xa existe cando se reciba o presente acordo, o prazo contarase desde a recepción. A memoria específica do piloto poderá presentarse e avaliarse separadamente cando se poida completar con rigor e exista viabilidade xurídica e contractual para a súa tramitación, sen agardar á conclusión do estudo xeral. Calquera impedimento deberá comunicarse de maneira motivada, cun calendario revisado.

4. Determinar o marco xurídico e financeiro.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

Promover, no seo do Comité, unha proposta de cooperación entre a Xunta de Galicia, a Deputación e os concellos implicados que determine as responsabilidades de cada administración, as achegas e o instrumento xurídico necesario, logo dos informes técnicos, xurídicos e económicos que correspondan.

A proposta distinguirá os custos de explotación, as adaptacións e investimentos, a integración tarifaria e as eventuais indemnizacións, identificando as fontes de financiamento e as previsións orzamentarias. O financiamento do piloto dos polígonos cuantificarase separadamente. Solicitar que a proposta relativa ao piloto se presente para valoración do Comité no prazo de trinta días naturais desde a recepción da súa memoria económica validada, sen prexuízo da posterior proposta correspondente ao conxunto da extensión.

A posta en servizo quedará condicionada á viabilidade xurídica e económica, á formalización dos instrumentos de cooperación e á aprobación dos compromisos polos órganos competentes, coa correspondente cobertura orzamentaria.

5. Impulsar un proxecto piloto de conexión cos polígonos industriais.

Unha vez avaliada a memoria específica e definido o financiamento, impulsar un proxecto piloto de transporte público de conexión cos polígonos industriais da contorna de Ourense, cunha duración de doce meses desde o inicio efectivo do servizo, para observar a evolución da demanda ao longo dun ciclo anual. O piloto centrarase no acceso aos centros de traballo e na súa conexión coa rede de transporte público.

Antes da súa posta en marcha, o Comité examinará unha proposta que identifique os polígonos incluídos, os concellos e núcleos de orixe, os percorridos, as paradas e os puntos de intercambio, os horarios e frecuencias adaptados ás quendas laborais, a accesibilidade, o orzamento, as administracións responsables, a data de inicio e o sistema de recollida de datos. A definición concretarase coas administracións implicadas e co contraste das necesidades das persoas traballadoras e das entidades representativas dos polígonos, incluíndo que as modificacións do ámbito previsto deberán estar motivadas tecnicamente.

A proposta establecerá indicadores e criterios de avaliación sobre viaxes, ocupación, puntualidade, conexións, adecuación ás quendas laborais, acceso aos centros de traballo, custo e achega pública por viaxe, atendendo á utilidade social e á cohesión territorial, prevendo un seguimento trimestral, avaliación intermedia aos seis meses e informe final nos trinta días naturais seguintes á conclusión, para decidir a continuidade, adaptación ou ampliación do servizo.

6. Avanzar na Área de Transporte Metropolitano.

Instar á Xunta de Galicia a presentar ao Comité, no prazo de catro meses desde a

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

recepción deste acordo para iniciar as actuacións tendentes ao establecemento dun Área de Transporte Metropolitano da contorna de Ourense, recollendo o ámbito territorial, as necesidades trasladadas polos concellos, a organización e coordinación dos servizos, a integración tarifaria, o financiamento e o calendario de desenvolvemento.

A proposta incluirá a interconexión co transporte urbano e a avaliación das condicións necesarias para habilitar billete único, bonificacións e transbordos gratuítos. Identificará os validadores e sistemas instalados e operativos, a súa interoperabilidade, as adaptacións pendentes e os custos e responsables da súa implantación.

Os traballos preparatorios que sexan xuridicamente e tecnicamente viables realizaranse en paralelo ao piloto dos polígonos e ao estudo da extensión de liñas, sen condicionar o conxunto da preparación da ATM á conclusión da contratación urbana.

7. Establecer calendario e rendición de contas.

Encomendar á Presidencia da Deputación a convocatoria dunha reunión do Comité dentro dos trinta días naturais seguintes á aprobación desta moción para ordenar as tarefas, identificar responsables e fixar os fitos de seguimento, respectando as competencias e a autonomía das administracións participantes.

A Deputación prestará apoio técnico á coordinación e remitirá ao pleno un informe trimestral de seguimento. O primeiro presentarase dentro dos tres meses seguintes á aprobación. Os informes recollerán as actuacións realizadas, os documentos recibidos, as tarefas pendentes, os responsables, os obstáculos e as datas previstas.

Os atrasos ou cambios de calendario deberán explicarse no seguinte informe, indicando as medidas propostas para resolvelos. A necesidade de revisar un prazo non suspenderá os traballos que poidan continuar.

8. Dar traslado dos acordos.

Dar traslado destes acordos á Presidencia da Deputación, á consellería da Xunta de Galicia competente en mobilidade, ao Concello de Ourense, aos concellos integrantes do Comité técnico-político e aos grupos provinciais, para o seu coñecemento e as actuacións que corresponda".

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 8

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (12), a abstención do BNG (3) e do deputado non adscrito (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (3), polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

1. Dar continuidade aos acordos do Comité.

Reafirmar o apoio da Deputación ás liñas de actuación acordadas polo Comité o 15 de xullo de 2026: estudo da extensión de oito liñas, avance nun proxecto piloto viable e preparación dunha Área de Transporte Metropolitano interconectada co transporte urbano de Ourense. Para concretar o piloto nesta moción, propoñer que se centre nas conexións cos polígonos industriais da contorna, mantendo o estudo xeral das oito liñas como marco de planificación. Estas actuacións desenvolveranse de maneira coordinada e, cando sexa viable, en paralelo.

2. Adaptar a planificación á execución da resolución do TACGal.

Solicitar ao Concello de Ourense que remita ao Comité, no prazo de trinta días naturais desde a recepción deste acordo, a resolución do TACGal, o acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de setembro de 2026 e un informe sobre a súa execución, as actuacións da mesa de contratación tras a retroacción do procedemento e o calendario previsto.

O informe identificará os efectos sobre a planificación do transporte metropolitano, os traballos preparatorios da extensión de liñas e do piloto dos polígonos que poidan realizarse de inmediato e os que dependan da situación contractual, solicitando aos servizos municipais que adianten a recompilación e revisión da información dispoñible e comuniquen ao Comité calquera incidencia contractual que modifique substancialmente o calendario.

3. Completar e validar o estudo económico.

Instar ao Concello de Ourense a elaborar, coa colaboración da empresa contratista cando proceda, un estudo económico actualizado da extensión das oito liñas e sometelo á revisión dos servizos técnicos públicos competentes, coa cooperación técnica da Deputación. O estudo incorporará unha memoria específica e diferenciada do proxecto piloto de conexión cos polígonos industriais, con delimitación do seu ámbito, custos, demanda e financiamento. As estimacións xerais da extensión non se atribuirán automaticamente a este piloto.

O estudo identificará os concellos, os percorridos, as paradas, as frecuencias, os horarios, os quilómetros e as conexións propostas. Incluirá escenarios de demanda, a unidade de medida empregada e a súa metodoloxía; custos de explotación; investimentos e adaptacións; ingresos tarifarios; e achegas públicas necesarias.

Diferenciaranse o custo medio por viaxe, a tarifa e a achega pública por viaxe, e analizaranse as afeccións ás concesións existentes e a utilidade social e territorial da proposta. A memoria do piloto identificará os polígonos atendidos, os puntos de orixe e

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

intercambio, as necesidades de acceso aos centros de traballo e a adecuación de horarios e frecuencias ás quendas laborais, contrastándoas cos concellos, coas persoas traballadoras e coas entidades representativas dos polígonos.

Solicitar a presentación do estudo no prazo de sesenta días naturais desde a comunicación ao Comité dun informe municipal que acredite a dispoñibilidade xurídica e contractual necesaria para completalo. Se esa dispoñibilidade xa existe cando se reciba o presente acordo, o prazo contarase desde a recepción. A memoria específica do piloto poderá presentarse e avaliarse separadamente cando se poida completar con rigor e exista viabilidade xurídica e contractual para a súa tramitación, sen agardar á conclusión do estudo xeral. Calquera impedimento deberá comunicarse de maneira motivada, cun calendario revisado.

4. Determinar o marco xurídico e financeiro.

Promover, no seo do Comité, unha proposta de cooperación entre a Xunta de Galicia, a Deputación e os concellos implicados que determine as responsabilidades de cada administración, as achegas e o instrumento xurídico necesario, logo dos informes técnicos, xurídicos e económicos que correspondan.

A proposta distinguirá os custos de explotación, as adaptacións e investimentos, a integración tarifaria e as eventuais indemnizacións, identificando as fontes de financiamento e as previsións orzamentarias. O financiamento do piloto dos polígonos cuantificarase separadamente. Solicitar que a proposta relativa ao piloto se presente para valoración do Comité no prazo de trinta días naturais desde a recepción da súa memoria económica validada, sen prexuízo da posterior proposta correspondente ao conxunto da extensión.

A posta en servizo quedará condicionada á viabilidade xurídica e económica, á formalización dos instrumentos de cooperación e á aprobación dos compromisos polos órganos competentes, coa correspondente cobertura orzamentaria.

5. Impulsar un proxecto piloto de conexión cos polígonos industriais.

Unha vez avaliada a memoria específica e definido o financiamento, impulsar un proxecto piloto de transporte público de conexión cos polígonos industriais da contorna de Ourense, cunha duración de doce meses desde o inicio efectivo do servizo, para observar a evolución da demanda ao longo dun ciclo anual. O piloto centrarase no acceso aos centros de traballo e na súa conexión coa rede de transporte público.

Antes da súa posta en marcha, o Comité examinará unha proposta que identifique os polígonos incluídos, os concellos e núcleos de orixe, os percorridos, as paradas e os puntos de intercambio, os horarios e frecuencias adaptados ás quendas laborais, a accesibilidade,

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

o orzamento, as administracións responsables, a data de inicio e o sistema de recollida de datos. A definición concretarase coas administracións implicadas e co contraste das necesidades das persoas traballadoras e das entidades representativas dos polígonos, incluíndo que as modificacións do ámbito previsto deberán estar motivadas tecnicamente.

A proposta establecerá indicadores e criterios de avaliación sobre viaxes, ocupación, puntualidade, conexións, adecuación ás quendas laborais, acceso aos centros de traballo, custo e achega pública por viaxe, atendendo á utilidade social e á cohesión territorial, prevendo un seguimento trimestral, avaliación intermedia aos seis meses e informe final nos trinta días naturais seguintes á conclusión, para decidir a continuidade, adaptación ou ampliación do servizo.

6. Avanzar na Área de Transporte Metropolitano.

Instar á Xunta de Galicia a presentar ao Comité, no prazo de catro meses desde a recepción deste acordo para iniciar as actuacións tendentes ao establecemento dun Área de Transporte Metropolitano da contorna de Ourense, recollendo o ámbito territorial, as necesidades trasladadas polos concellos, a organización e coordinación dos servizos, a integración tarifaria, o financiamento e o calendario de desenvolvemento.

A proposta incluirá a interconexión co transporte urbano e a avaliación das condicións necesarias para habilitar billete único, bonificacións e transbordos gratuítos. Identificará os validadores e sistemas instalados e operativos, a súa interoperabilidade, as adaptacións pendentes e os custos e responsables da súa implantación.

Os traballos preparatorios que sexan xuridicamente e tecnicamente viables realizaranse en paralelo ao piloto dos polígonos e ao estudo da extensión de liñas, sen condicionar o conxunto da preparación da ATM á conclusión da contratación urbana.

7. Establecer calendario e rendición de contas.

Encomendar á Presidencia da Deputación a convocatoria dunha reunión do Comité dentro dos trinta días naturais seguintes á aprobación desta moción para ordenar as tarefas, identificar responsables e fixar os fitos de seguimento, respectando as competencias e a autonomía das administracións participantes.

A Deputación prestará apoio técnico á coordinación e remitirá ao pleno un informe trimestral de seguimento. O primeiro presentarase dentro dos tres meses seguintes á aprobación. Os informes recollerán as actuacións realizadas, os documentos recibidos, as tarefas pendentes, os responsables, os obstáculos e as datas previstas.

Os atrasos ou cambios de calendario deberán explicarse no seguinte informe, indicando as medidas propostas para resolvelos. A necesidade de revisar un prazo non suspenderá os

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

traballos que poidan continuar.

8. Dar traslado dos acordos.

Dar traslado destes acordos á Presidencia da Deputación, á consellería da Xunta de Galicia competente en mobilidade, ao Concello de Ourense, aos concellos integrantes do Comité técnico-político e aos grupos provinciais, para o seu coñecemento e as actuacións que corresponda".

9º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA ESIXIR O CUMPRIMENTO INMEDIATO DA SENTENZA FIRME DO TSXG SOBRE A CONTAMINACIÓN POR NITRATOS NAS COMARCAS DA LIMIA E BAIXA LIMIA (EXP. Nº 2026/12249M).-

Don Rafael Martínez Cachafeiro, de Democracia Ourensana, cédelle á súa primeira quenda de intervención a **dona Mercedes Álvarez de León**, da Asociación de Veciños As Conchas, que expón o contido da seguinte moción:

"O pasado 11 de xullo de 2025, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou a histórica Sentenza n 00313/2025, na que se declarou a vulneración flagrante dos dereitos fundamentais á vida, integridade física, intimidade persoal e familiar, inviolabilidade do domicilio e propiedade dos veciños da contorna do encoro das Cunchas e as comarcas da Limia e Baixa Limia.

Esta vulneración, tal e como recolle textualmente o fallo xudicial, foi provocada pola inactividade das Administracións Públicas competentes (a Xunta de Galicia no ámbito autonómico e o Goberno de España a través da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil), que a pesar de coñecer a situación e estar legalmente obrigadas a iso, non foron capaces de poñer remedio ningún.

É inadmisible que durante anos permitisen unha contaminación crónica das augas superficiais e subterráneas provocada pola deficiente xestión dos residuos da gandería industrial.

Tras os recursos de casación presentados por ambas as administracións, o Tribunal Supremo inadmitiu a trámite estas apelacións o pasado 13 de febreiro de 2026, convertendo a sentenza en firme, definitiva e de obrigado cumprimento. As analíticas oficiais integradas na causa son alarmantes, rexistrando niveis de nitratos de ata 82,2 mg/L en redes de abastecemento público e 117 mg/L en pozos particulares, superando con fartura o límite legal sanitario de 50 mg/L e obrigando a concellos como o de Trasmiras a prohibir o consumo humano.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

A pesar de transcorrer un ano desde a sentenza orixinal e máis de 6 meses desde a súa firmeza ditada polo Tribunal Supremo, a realidade a día de hoxe, agosto de 2026, é que tanto a Xunta de Galicia como a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil seguen igual, a Xunta continúa dilatando os prazos sen declarar formalmente as zonas vulnerables aos nitratos nin aplicar a moratoria ás macrogranjas, mentres que as verteduras seguen chegando ao río Limia e ao encoro das Cunchas.

A Deputación de Ourense, en base ás súas competencias de asistencia e cooperación cos municipios da provincia (especialmente cos pequenos concellos de Bande, Muíños, Os Blancos, Lobeira e Trasmiras afectados directamente e que carecen de medios técnicos), non pode permanecer impasible ante a vulneración dos dereitos de fundamentais dos veciños e o desprezo ás resolucións xudiciais firmes.

Por todo iso, o Grupo Provincial DO propón ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. ***Esixir á Xunta de Galicia** a execución inmediata do fallo xudicial da Sentenza 00313/2025, procedendo sen máis dilacións á declaración formal como zonas sensibles á contaminación por nitratos das masas de auga superficiais e subterráneas da conca da Limia.*
2. ***Esixir ao Gobierno de España**, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), o cumprimento rigoroso das súas obrigacións de policía de augas, mediante a posta en marcha dun plan de choque urxente de inspeccións ambientais en todas as instalacións gandeiras da zona nun prazo máximo de tres meses, así como a monitoraxe e publicación semanal e transparente do estado microbiológico e química da auga do encoro das Cunchas.*
3. *Que a través dos Concellos afectados, infórmese os cidadáns das actuacións que se realicen para dar cumprimento ao establecido na sentenza, así como, infórmese dos avances e melloras que se vaian conseguindo".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 9

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción que é aprobada por unanimidade, polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. **Esixir á Xunta de Galicia** a execución inmediata do fallo xudicial da Sentenza 00313/2025, procedendo sen máis dilacións á declaración formal como zonas sensibles á

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

contaminación por nitratos das masas de auga superficiais e subterráneas da conca da Limia.

2. **Esixir ao Gobierno de España**, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), o cumprimento rigoroso das súas obrigacións de policía de augas, mediante a posta en marcha dun plan de choque urxente de inspeccións ambientais en todas as instalacións gandeiras da zona nun prazo máximo de tres meses, así como a monitoraxe e publicación semanal e transparente do estado microbiológico e química da auga do encoro das Cunchas.
3. Que a través dos Concellos afectados, infórmese os cidadáns das actuacións que se realicen para dar cumprimento ao establecido na sentenza, así como, infórmese dos avances e melloras que se vaian conseguindo.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O IMPULSO DOS ITINERARIOS HISTÓRICOS XACOBEOS NON RECOÑECIDOS NA PROVINCIA DE OURENSE (EXP. Nº 2026/13857A).-

A esta moción o Grupo Popular presentou unha emenda que é rexeitada polo grupo propoñente da moción.

Dona Eva María Pérez Gamote, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

"O Camiño de Santiago constitúe un dos principais recursos históricos, culturais e turísticos de Galicia e representa unha importante oportunidade de desenvolvemento económico e social para o rural ourensán.

A provincia de Ourense ocupa, pola súa situación xeográfica e pola súa histórica relación con Portugal, un lugar estratéxico dentro das rutas de peregrinación cara Santiago de Compostela.

*Esta cuestión cobra especial relevancia ante a proximidade do **2027, Ano Santo Xacobeo**, unha oportunidade excepcional para reforzar a promoción dos Camiños de Santiago e procurar que o seu impacto turístico, cultural e económico chegue tamén ao interior da provincia e aos pequenos concellos rurais.*

*A propia Deputación de Ourense recoñeceu esta importancia cando, o **12 de abril de 2024**, impulsou a Comisión de Municipios da Vía da Prata, co obxectivo de coordinar aos concellos, detectar necesidades e potenciar este itinerario como ferramenta de promoción e dinamización territorial.*

*Nesta provincia existen tamén **itinerarios históricos de peregrinación documentados***

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

***que non contan actualmente co recoñecemento oficial como Camiños de Santiago**, limitando as posibilidades dos territorios polos que discorren para aproveitar plenamente o seu potencial patrimonial, turístico e económico.*

*Un dos exemplos máis relevantes é o **Camiño de San Rosendo e da Rainha Santa**, itinerario histórico procedente de Portugal que atravesa os concellos ourensáns de **Lobios, Muíños, Lobeira, Bande, Verea, Celanova, A Merca e San Cibrao das Viñas**, continuando cara Ourense, onde conecta coa Vía da Prata.*

*Outro dos casos atopámolo en **Vilardevós**, onde existe unha variante histórica transfronteiriza vinculada ao **Camiño Mozárabe Portugués da Vía da Prata**, procedente do norte de Portugal e documentada a través de diferentes estudos e fontes históricas.*

*O itinerario procedente do ámbito de **Vinhais e Segirei** atravesa territorio de Vilardevós por diferentes núcleos de poboación e continúa posteriormente cara Verín, formando parte das históricas vías de comunicación entre Portugal e a comarca de Monterrei.*

A vinculación deste territorio coas peregrinacións xacobeas conta, ademais, con importantes elementos históricos e patrimoniais.

*Na parroquia de **San Pedro de Osoño** existiu a **Encomenda de Osoño, vinculada á Orde de San Xoán de Xerusalén ou Orde de Malta**, relacionada historicamente coa asistencia e protección dos peregrinos.*

*Neste territorio existiu tamén un **hospital de peregrinos**, cuxa memoria permanece na toponimia local a través do núcleo denominado **O Hospital**.*

A documentación histórica acredita igualmente o tránsito de peregrinos cara Santiago por este territorio, reforzando a necesidade de estudar e delimitar adecuadamente este itinerario histórico.

No caso de Vilardevós existe, ademais, unha circunstancia administrativa especialmente relevante.

*O trazado histórico está recollido no **planeamento urbanístico municipal**, polo que as actuacións afectadas polas determinacións de protección correspondentes deben cumprir os condicionantes patrimoniais e contar, cando proceda, cos informes ou autorizacións de Patrimonio.*

*Porén, cando se pretende acceder ás axudas vinculadas á **Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago**, esta variante non se atopa dentro do ámbito oficialmente recoñecido, quedando fóra das posibilidades de financiamento vinculadas a esta figura.*

*Prodúcese así unha situación que cómpre abordar. **O trazado comporta obrigas e condicionantes de protección patrimonial, pero non permite acceder ás mesmas***

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

oportunidades e instrumentos de apoio vinculados aos Camiños oficialmente recoñecidos.

Ademais, este itinerario histórico atravesa diferentes núcleos de poboación do municipio, polo que a súa recuperación e posta en valor podería convertelo nun importante ***eixo turístico e de dinamización económica para Vilardevós****, conectando patrimonio, aldeas, paisaxe e a histórica relación transfronteiriza con Portugal.*

Xunto a estes itinerarios existe outro trazado histórico procedente de Portugal que conta tamén con documentación vinculada á peregrinación xacobea.

Trátase do itinerario que, procedente de ***Vilar de Perdizes****, entra en Galicia pola* ***Xironda****, continúa por* ***Lucenza e Xinzo de Limia*** *e enlaza posteriormente cos itinerarios xacobeos cara a Santiago.*

A vinculación histórica de Vilar de Perdizes coa peregrinación está documentada, entre outros elementos, pola existencia dun ***antigo hospital destinado á acollida de peregrinos que se dirixían a Santiago de Compostela****, reforzando o interese de estudar e documentar o trazado histórico deste corredor transfronteirizo.*

Estamos, polo tanto, ante distintos exemplos dun patrimonio histórico que merece ser investigado, protexido e aproveitado como recurso para o desenvolvemento territorial.

Non se trata de crear novos camiños artificialmente nin de asumir competencias que corresponden á Xunta de Galicia. Trátase de ***investigar, documentar e acreditar itinerarios históricos existentes****, prestando aos concellos o apoio necesario para que poidan promover, cando exista base histórica suficiente, o seu eventual recoñecemento.*

A propia ***Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia****, establece no seu artigo 73.3 a posibilidade de recoñecer como Camiño de Santiago aquelas rutas das que se documente e xustifique convenientemente a súa historicidade como rutas de peregrinación a Santiago de Compostela e a súa influencia na conformación do territorio.*

Para acreditar estes requisitos resulta necesario desenvolver un traballo técnico que inclúa, segundo as características de cada itinerario, a ***investigación en arquivos e fontes históricas, recompilación bibliográfica e documental, estudo da cartografía histórica, identificación do patrimonio xacobeo asociado, análise da toponimia, delimitación e xeorreferenciación dos trazados e elaboración dunha memoria histórica e técnica final*** *que permita fundamentar a solicitude de recoñecemento ante a administración competente.*

A realización destes traballos pode superar a capacidade técnica e económica dos pequenos municipios. Neste ámbito, a Deputación Provincial de Ourense, como

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

administración de cooperación e asistencia aos concellos, pode desempeñar un papel fundamental mediante os seus propios medios técnicos e a colaboración con ***universidades, arquivos, especialistas, entidades de investigación e asociacións xacobeas****.*

Se a Deputación xa apostou pola coordinación e promoción da Vía da Prata, consideramos necesario ampliar esa visión e apoiar tamén aos territorios que dispoñen de itinerarios históricos de peregrinación pendentes de estudo, delimitación ou recoñecemento.

Facelo ***ás portas do Ano Santo Xacobeo 2027*** *representa, ademais, unha oportunidade para reforzar a posición da provincia de Ourense dentro do fenómeno xacobeo e conseguir que os seus beneficios turísticos, culturais e económicos se estendan a novos territorios do rural provincial.*

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes

PROPOSTAS DE ACORDO

PRIMEIRO. *Instar á Deputación Provincial de Ourense a impulsar e financiar, con cargo aos seus recursos e programas de cooperación municipal, a elaboración dos* ***estudos históricos e técnicos necesarios para acreditar os itinerarios históricos de peregrinación non recoñecidos oficialmente****, incluíndo a investigación documental e arquivística, cartografía histórica, inventario do patrimonio asociado, análise toponímica, delimitación e xeorreferenciación dos trazados e elaboración das memorias técnicas necesarias para fundamentar, cando proceda, a solicitude do seu recoñecemento ante a Xunta de Galicia.*

Estes traballos poderán desenvolverse mediante ***medios propios da Deputación ou mediante convenios, encomendas ou outras fórmulas de colaboración con universidades, entidades de investigación, arquivos, especialistas e asociacións xacobeas****, evitando que o custo destes estudos recaia exclusivamente sobre os pequenos concellos afectados.*

SEGUNDO. *Incorporar inicialmente a esta actuación provincial o* ***Camiño de San Rosendo e da Rainha Santa****, o* ***Camiño Miñoto-Ribeiro,*** *a* ***variante histórica de Vilardevós vinculada ao Camiño Mozárabe Portugués da Vía da Prata*** *e o* ***itinerario histórico procedente de Vilar de Perdizes que entra en Galicia pola Xironda e continúa por Lucenza cara a Xinzo de Limia****, co obxectivo de completar a documentación necesaria para determinar a súa historicidade, delimitar os seus trazados e impulsar a súa posta en valor turística e patrimonial, aproveitando especialmente a oportunidade que representa o* ***Ano Santo Xacobeo 2027****.*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

TERCEIRO. *Instar á* ***Xunta de Galicia*** *a colaborar coa Deputación Provincial e cos concellos afectados na análise dos estudos e da documentación resultante e, cando se acrediten os requisitos establecidos no* ***artigo 73.3 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia****, iniciar ou impulsar o procedemento correspondente para o seu eventual recoñecemento como Camiños de Santiago".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 10

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción que é aprobada co voto a favor do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Popular (12), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1), polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Instar á Deputación Provincial de Ourense a impulsar e financiar, con cargo aos seus recursos e programas de cooperación municipal, a elaboración dos **estudos históricos e técnicos necesarios para acreditar os itinerarios históricos de peregrinación non recoñecidos oficialmente**, incluíndo a investigación documental e arquivística, cartografía histórica, inventario do patrimonio asociado, análise toponímica, delimitación e xeorreferenciación dos trazados e elaboración das memorias técnicas necesarias para fundamentar, cando proceda, a solicitude do seu recoñecemento ante a Xunta de Galicia.

Estes traballos poderán desenvolverse mediante **medios propios da Deputación ou mediante convenios, encomendas ou outras fórmulas de colaboración con universidades, entidades de investigación, arquivos, especialistas e asociacións xacobeas**, evitando que o custo destes estudos recaia exclusivamente sobre os pequenos concellos afectados.

SEGUNDO. Incorporar inicialmente a esta actuación provincial o **Camiño de San Rosendo e da Rainha Santa**, o **Camiño Miñoto-Ribeiro**, a **variante histórica de Vilardevós vinculada ao Camiño Mozárabe Portugués da Vía da Prata** e o **itinerario histórico procedente de Vilar de Perdizes que entra en Galicia pola Xironda e continúa por Lucenza cara a Xinzo de Limia**, co obxectivo de completar a documentación necesaria para determinar a súa historicidade, delimitar os seus trazados e impulsar a súa posta en valor turística e patrimonial, aproveitando especialmente a oportunidade que representa o **Ano Santo Xacobeo 2027**.

TERCEIRO. Instar á **Xunta de Galicia** a colaborar coa Deputación Provincial e cos concellos afectados na análise dos estudos e da documentación resultante e, cando se

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

acrediten os requisitos establecidos no **artigo 73.3 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia**, iniciar ou impulsar o procedemento correspondente para o seu eventual recoñecemento como Camiños de Santiago.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO, REGULADO E TRANSPARENTE DE DISTRIBUCIÓN DO CANON DA AUGA, BASEADO EN CRITERIOS OBXECTIVOS E VERIFICABLE (EXP. Nº 2026/13906Y).-

Don Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

"O canon da auga, regulado pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o canon da xestión das depuradoras, regulado pola Lei 1/2022, do 12 de xullo, da mellora da xestión do ciclo integral da auga, son tributos propios da Xunta de Galicia de carácter finalista, creados co obxectivo de financiar infraestruturas hidráulicas, mellorar a calidade das masas de auga e garantir unha xestión sostible do ciclo integral da auga.

Estes tributos son recadados a través dos concellos, que actúan como entidades colaboradoras na súa cobranza, asumindo unha función que, na práctica, os converte en intermediarios ante a cidadanía. Porén, unha vez transferidos os fondos á administración autonómica, non existe un mecanismo obxectivo, transparente e proporcional que garanta que os recursos retornan aos territorios nos que se xeran.

A natureza finalista destes canons debería implicar un principio básico de xustiza territorial e corresponsabilidade, asegurando que os concellos nos que se realiza a recadación reciban investimentos proporcionais, ao tempo que se atenden criterios de solidariedade e equilibrio territorial. Non obstante, a realidade evidencia que non existe un modelo público, regulado e transparente de distribución dos fondos, xerando unha percepción crecente de agravio comparativo entre concellos.

Existen municipios que, a pesar de realizar unha elevada achega recadadora, non teñen recibido investimentos significativos con cargo a estes canons nos últimos anos, mentres que outros territorios contan cunha presenza reiterada de convenios e actuacións financiadas pola Xunta. Esta situación, unida á práctica habitual de sinatura de convenios bilaterais con determinados concellos, reforza a percepción dun uso discrecional e partidista dos fondos.

Dende o Grupo Provincial Socialista entendemos que un tributo finalista non pode converterse nun instrumento de desequilibrio territorial nin nun mecanismo de afinidade

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

política. A distribución dos recursos debe responder a criterios públicos, obxectivos, verificables e equitativos.

Por iso defendemos un modelo de reparto baseado en tres principios: retorno territorial, principio de solidariedade e financiamento do sistema.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes ***PROPOSTAS DE ACORDO****,*

A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a:

PRIMEIRO.- *Establecer un sistema público, regulado e transparente de distribución do canon da auga, baseado en criterios obxectivos e verificables.*

SEGUNDO.- *Garantir que, como mínimo, o 50 % da recadación obtida en cada concello reverta en investimentos no propio municipio onde se xera. Destinar un 30 % dos fondos a un mecanismo de solidariedade territorial, orientado prioritariamente a concellos con maiores necesidades en infraestruturas, dispersión poboacional ou limitacións orzamentarias. E reservar como máximo o 20 % da recadación para os custos de xestión, mantemento e funcionamento do sistema autonómico.*

TERCEIRO.- *Publicar anualmente un informe detallado e desagregado por concellos que inclúa: cantidade recadada en cada municipio. Investimentos executados con cargo aos canons. Convenios asinados e importes asociados. E criterios técnicos utilizados para a asignación de fondos.*

CUARTO.- *Garantir que a asignación de recursos non estea condicionada por criterios partidistas nin por afinidades políticas, senón exclusivamente por parámetros técnicos, ambientais e de necesidade obxectiva"*.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción que é rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourensana (2), a abstención do BNG (3) e do deputado non adscrito (1) e o voto en contra do Grupo Popular (11).

12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

1.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos dos meses de xullo e agosto de 2026.

Os membros da Corporación quedan informados.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 13

E, ás 15.40 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

<iframe width="560" height="315" src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2026/09/25/Grabando_en_25-09-2026/video_202609250959000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN
OURENSE

O Secretario Xeral
Documento asinado
electrónicamente mediante
actuación administrativa
automatizada.
15/10/2026

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473443320206666 en https://sede.depourense.es